



SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN MUNICIPAL FOGUEIRAS
DE SAN XOAN E SAN PEDRO
NO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL
(Prazo de presentación ata o 14/06/2022)

Declaración responsable:

Aos efectos de sinalar que, como solicitante, manifesto coñecer e me responsabilizo do cumprimento da normativa de aplicación e en concreto dos condicionantes sinalados a continuación:

Condicionantes para fogueiras en terreo público:

- 1) En todo caso darase cumprimento aos requisitos contidos no Bando da Alcaldía de data 31.05.2022.
- 2) A montaxe das fogueiras deberá realizarse en lugares despexados mantendo unha distancia de seguridade como mínimo de 25 metros de edificacións, liñas aéreas de servizos, mobiliario urbano, e vehículos. Non se permite a súa montaxe sobre pavimentos asfálticos ou de formigón armado.
A fogueira terá un perímetro máximo de 6/8 metros e unha altura non superior aos 3 metros en ningún caso. Ubicarase en buratos o máis profundos posibles, e debidamente rodeada de pedras ou unha pequena zanxa. Os fogos deberán ser pequenos nun primeiro momento, votaráse a leña progresivamente e finalmente, nunca superarán unha dimensión tal que impida sofocalos coa suficiente rapidez cos medios de extinción de incendios axeitados. Terase a man mangueras, extintores ou, cando menos, auga con capacidade para 20 caldeiros, cos correspondentes baldes e disporase dun pequeno botiquín de primeiros auxilios, especialmente equipado para queimaduras.
- 3) Só se queimara material combustíbel sólido, quedando expresamente prohibido a queima de neumáticos as gomaespumas, os plásticos, os botes de aerosoles de calquera clase, ou calquera outro tipo de residuo inflamable, explosivo ou cuxa combustión poida conlevar a emisión de fumes ou gases contaminantes ou molestos.
- 4) Os organizadores, e persoas responsables das fogueiras deberán ser maiores de idade, coidar os arredores e coñecer o número de teléfono dos servizos de extinción de incendios. **Ante calquera incidencia ou emerxencia se deberá avisar inmediatamente al 085, 112 (gratuito) ou ó teléfono da Policía Local 699 99 66 86 óu 092.**
- 5) Procederáse á limpeza do espazo autorizado ao remate da actividade, incluídos os elementos utilizados para o desenvolvemento da mesma. A ubicación das fogueiras non entorpecerá os viais de acceso ou circulación pola zona.
- 6) Os organizadores da fogueira son os responsabeis da súa total e correcta extinción e ao remate da mesma e antes de abandonar o lugar coidarán de que as cinzas queden totalmente apagadas.
- 7) Queda prohibido o uso de petardos de calquera clase aos menores de idade.
- 8) Prohíbese a colocación, exhibición de pancartas que non estean expresamente autorizadas.
- 9) Con exceso de vento queda prohibido prender fogueiras.
- 10) Deberá terse en conta o establecido nos artigos 36 e 37 da Lei 3/2007, de 9 de abril de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, en relación ás zonas agrícolas, aos terreos forestais e zona de influencia forestal, en redacción dada pola Lei 3/2018, de 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
- 11) O incumprimento de calquera destas medidas, poderá dar lugar á inmediata prohibición das celebracións por parte da Policía Local, sen prexuícios das sancións que fosen procedentes.
- 12) Que todos os datos contidos na solicitude e documentación que se achega son certos.

Bueu, de xuño de 2022

Asd.: